


José Antonio Vázquez e Ramón Sestayo: 25 anos de COGAMI



José Antonio Vázquez, presidente de Cegasal

José Antonio Vázquez Freire e Ramón Sestayo Lestón, dous homes que están en COGAMI dende as orixes. José Antonio formou parte da xunta directiva como secretario xeral durante os inicios, e agora, está a través da asociación que preside, Cegasal. Ramón é vicepresidente de COGAMI, presidente de Adisbismur e conselleiro delegado de GES. Dous pesos pesados dentro da organización, dous loitadores incansables polos dereitos das persoas con discapacidade e dous homes que nos darán a súa visión de cara onde debe ir a entidade.

PREGUNTA. Hai vinte e cinco anos, data na que nace COGAMI, cal era a situación que vivían as persoas con discapacidade e/ou enfermidade crónica?

José Antonio. Hai 25 anos non existía ningún tecido asociativo orgánico. Si había persoas, pais e nais de nenos con hemofilia, no meu caso, que empezaban a moverse, pero non había un discurso organizado, non había un organismo que canalizara todas as demandas. Moitas familias ocultaban a enfermidade e para poder facer un censo, tiñas que acudir ao médico de cabeceira ou ao concello. No caso de Agadhemo, entidade da que formo parte, non existía un censo, tiñamos que ir porta a porta para saber canta xente había afectada.

Ramón. Na miña zona, que colle concellos de ámbito rural como son Mazaricos, Outes, Muros e Carnota, as persoas con discapacidade estaban na casa. Tivemos que chamar ás portas das casas para poder facer un censo das persoas con discapacidade que vivían nestes concellos. Eran persoas invisibles, estaban na casa, cobrando unha pensión irrisoria e practicamente non existía ningún servizo.

PREGUNTA. Como chegades a COGAMI?

José Antonio. Cheguei a COGAMI a través da Asociación Galega de Hemofilia, Agadhemo, entidade que estaba dentro de Cocemfe. Foi en Cocemfe onde

nos animaron a que cofecéramos unha entidade que se estaba formando en Galicia e cremos que a discapacidade orgánica tamén tiña que estar unida á física. Tiñamos moi claro que había que estar moi ben posiconados entre a sociedade e as diferentes administracións públicas.

Ramón. Na provincia de A Coruña polos anos 90 xa había asociacións fortes que loitaban polos dereitos das persoas con discapacidade e cremos que tiñamos que crear algo potente, tiñamos que xuntarnos para ser máis fortes e unidos. Así é como nace a Federación COGAMI Coruña. Unha entidade pequena pouco podía facer para que a atenderan as distintas administracións públicas. Sabíamos que unidos nunha federación, que logo ía derivar no que hoxe en día é COGAMI, ía ser máis doado ser voceiros e loitar polos nosos dereitos. Despois da Federación de Coruña fóronse creando as outras federacións ata que se crea en 1990 COGAMI.

PREGUNTA. Era necesario que se creara a Confederación, realmente por que iniciou, cal foi o leitmotiv?

José Antonio. Unha persoa cunha enfermidade crónica só tiña solucionada a cobertura sanitaria pero non a cobertura social como un traballo, unha formación, unha inclusión social. Para nós COGAMI supoñía unha oportunidade, criamos no que faciamos e por iso

José Antonio Vázquez e Ramón Sestayo: 25 anos de COGAMI



José Antonio Vázquez, presidente de Cegasal

José Antonio Vázquez Freire e Ramón Sestayo Lestón, dous homes que están en COGAMI dende as orixes. José Antonio formou parte da xunta directiva como secretario xeral durante os inicios, e agora, está a través da asociación que preside, Cegasal. Ramón é vicepresidente de COGAMI, presidente de Adisbismur e conselleiro delegado de GES. Dous pesos pesados dentro da organización, dous loitadores incansables polos dereitos das persoas con discapacidade e dous homes que nos darán a súa visión de cara onde debe ir a entidade.

PREGUNTA. Hai vinte e cinco anos, data na que nace COGAMI, cal era a situación que vivían as persoas con discapacidade e/ou enfermidade crónica?

José Antonio. Hai 25 anos non existía ningún tecido asociativo orgánico. Si había persoas, pais e nais de nenos con hemofilia, no meu caso, que empezaban a moverse, pero non había un discurso organizado, non había un organismo que canalizara todas as demandas. Moitas familias ocultaban a enfermidade e para poder facer un censo, tiñas que acudir ao médico de cabeceira ou ao concello. No caso de Agadhemo, entidade da que formo parte, non existía un censo, tiñas que ir porta a porta para saber canta xente había afectada.

Ramón. Na miña zona, que colle concellos de ámbito rural como son Mazaricos, Outes, Muros e Carnota, as persoas con discapacidade estaban na casa. Tivemos que chamar ás portas das casas para poder facer un censo das persoas con discapacidade que vivían nestes concellos. Eran persoas invisibles, estaban na casa, cobrando unha pensión irrisoria e practicamente non existía ningún servizo.

PREGUNTA. Como chegades a COGAMI?

José Antonio. Cheguei a COGAMI a través da Asociación Galega de Hemofilia, Agadhemo, entidade que estaba dentro de Cocemfe. Foi en Cocemfe onde

nos animaron a que cofecéramos unha entidade que se estaba formando en Galicia e cremos que a discapacidade orgánica tamén tiña que estar unida á física. Tiñas moi claro que había que estar moi ben posicionados entre a sociedade e as diferentes administracións públicas.

Ramón. Na provincia de A Coruña polos anos 90 xa había asociacións fortes que loitaban polos dereitos das persoas con discapacidade e cremos que tiñas que crear algo potente, tiñas que xuntarnos para ser máis fortes e unidos. Así é como nace a Federación COGAMI Coruña. Unha entidade pequena pouco podía facer para que a atenderan as distintas administracións públicas. Sabíamos que unidos nunha federación, que logo ía derivar no que hoxe en día é COGAMI, ía ser máis doado ser voceiros e loitar polos nosos dereitos. Despois da Federación de Coruña fóronse creando as outras federacións ata que se crea en 1990 COGAMI.

PREGUNTA. Era necesario que se creara a Confederación, realmente por que iniciou, cal foi o leitmotiv?

José Antonio. Unha persoa cunha enfermidade crónica só tiña solución a cobertura sanitaria pero non a cobertura social como un traballo, unha formación, unha inclusión social. Para nós COGAMI supoñía unha oportunidade, criamos no que facíamos e por iso

abrimos camiños como a creación de oportunidades de emprego, a creación de centros de recursos e asociacións de ámbito comarcal, a creación de empresas de economía social. Éramos unha fábrica de soños, non tiñas nada e tiñas moi presente o seguinte: reunirse era o comezo, permanecer xuntos o progreso e traballar conxuntamente o éxito.

Ramón. Sabíamos que para loitar polos dereitos das persoas con discapacidade tiñas que crear un órgano potente, era importante ser un grupo forte e unido e para isto tiña que haber unha persoa que tirara deste carro, que foi Domingos Dosil. Así empezamos a solicitar persoal técnico para desenvolver programas de formación e emprego, empezamos a solicitar proxectos europeos para crear empresas. Onde máis incidimos foi na inserción laboral, porque ter un traballo é fundamental para o desenvolvemento da autonomía persoal e para a inclusión. Foron uns comezos moi duros, non tiñas un peso, andabamos por toda Galicia nun Seat Panda, comendo bocadillos e sen horarios. Pero con moita ilusión porque criamos no que facíamos.

"Hai 25 anos as persoas con discapacidade eran invisibles, estaban nas casas"

PREGUNTA. Ás veces ás organizacións se nos tacha tamén de estamos aburguesadas, de estamos estancadas, de non loitar dábondo polos nosos dereitos. É isto certo?

José Antonio. Corremos o perigo de estar máis nos despachos que na rúa. Eu son dos que cren que un político pode rodearse de grandes técnicos pero un técnico non pode crear un político. Creo que é o momento de potenciar a grandes técnicos que temos para que estean máis na rúa e que vexan que necesidades hai e que se desenvolvan seguindo a filosofía da entidade.

Ramón. Penso que moitas veces se conseguen máis dereitos negociando que reivindicando. O noso gran éxito foi transmitir proxectos á Administración nos que creron en nós e por iso nolos aprobaron.

PREGUNTA. Vós os dous estades máis relacionados co mundo empresarial que co social. José Antonio dende Cegasal e Ramón dende Galega de Economía Social, tedes como parte importante do voso labor convencer ao empresariado de que as persoas con discapacidade somos capaces de traballar. Non desgasta ter que recordar isto constantemente?

José Antonio. O tecido empresarial galego non nos coñecía ata que Cegasal, entidade que presido, se posicionou dentro das confederacións de empresarios. Hoxe somos referente das políticas sociais, da ética, de como traballamos, de como desenvolvemos a nosa filosofía, os valores, ... isto nolo recoñecen cada día. E cando Cegasal fala da discapacidade, respéctannos sendo os voceiros ante a sociedade.

Ramón. Si desgasta pero se tés o convencemento

de que o tés que facer, de que somos capaces de facelo, pelexamos polo que cremos. A estratexia que seguimos é a de concienciar ao mundo empresarial, que nos coñezan, que saiban o que facemos, como traballamos, que poidan saír destas xuntanzas ou ben postos de traballo para persoas con discapacidade ou ben carga de traballo para os centros especiais de emprego que temos. Hai 25 anos ninguén apostaba por nós. Agora aquí estamos.

"COGAMI ten que ser un referente dentro da sociedade"

PREGUNTA. Cara onde ten que ir COGAMI?

José Antonio. COGAMI o que ten que facer nestes próximos anos é posicionarse en Galicia como marca galega. Temos que estar en contacto permanente coa sociedade, coas Universidades, por ser o gran foco da formación e do pensamento, que as persoas con grande discapacidade teñan alternativas dende as casas. COGAMI ten que ser un referente, demostrar a nosa calidade na realización de programas que permitan que as persoas con discapacidade se poidan desenvolver en todos os aspectos.

Ramón. Eu quería que non existira COGAMI. O ideal sería que calquera persoa con discapacidade tivera as mesmas oportunidades para desenvolverse na vida que o resto, que os servizos xa foran obrigatorios por lei, que non houbera discriminación, que se nos respectaran os nosos dereitos. Eu non quería outros 25 anos máis, sei que é unha utopía, pero é o que me gustaría.



Ramón Sestayo, vicepresidente de COGAMI



O pres. de AGL lendo o manifesto



Momento da inauguración do foro



Momento da marcha pola inclusión

Charla en Vilagarcía no día mundial do linfedema

A Asociación Galega de Linfedema (AGL) organizou unha xornada informativa e reivindicativa sobre a enfermidade do linfedema durante a conmemoración do día mundial desta doenza, que se estima que en Galicia a teñen diagnosticada 54.000 persoas.

Como a sede central de AGL está en Vilagarcía, foi esta vila a escollida para expoñer nun acto público as reivindicacións que dende a asociación se queren transmitir á sociedade, como a de que moitas das persoas afectadas non seguen un tratamento debido.

Baixo o lema "Non queremos ser invisibles para a sociedade", o presidente da entidade, Juan Lameiro, leu un manifesto no que se pide a creación de unidades de linfedema multidisciplinares en todos os hospitais, a formación de profesionais sanitarios, acceso igualitario e sen discriminación para as persoas afectadas, prestacións ortoprotésicas gratuítas, o subministro de pomadas cutáneas a través da seguridade social e o acceso ao tratamento de mantemento clínico regular.

Outras das reivindicacións promulgadas pola Asociación Galega de Linfedema foron o axuste de normas para o recoñecemento de graos de discapacidade para linfedema por parte da Seguridade Social e do resto das administracións públicas, e tamén se solicitou a publicación dunha guía clínica práctica común para todo o territorio nacional, seguindo os consensos internacionais.

Cegasal reúne a 70 empresas no foro de fomento do emprego

A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego (CEGASAL), en colaboración coa Cámara de Comercio de A Coruña, reuniu a máis de 70 empresas para dar a coñecer as ferramentas de xeración de emprego de persoas con discapacidade e as posibles colaboracións entre o empresariado e os centros especiais de emprego.

O acto foi inaugurado polo presidente da Cámara de A Coruña, Marcelo Castro-Rial Schuler, o presidente de Cegasal, José Antonio Vázquez Freire, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato.

Na apertura, Marcelo Castro-Rial manifestou que "tanto as empresas como as institucións empresariais teñen unha responsabilidade coa sociedade e o entorno no que desenvolven a súa actividade" e trasladou a necesidade de "sensibilizar ao empresariado da valía destes profesionais e dos beneficios que supoñen para as empresas a súa incorporación ao mercado de traballo".

O presidente de Cegasal resaltou que "detrás de grandes discapacidades hai grandes capacidades" e lembroulle aos asistentes que existe unha lexislación que facilita o dereito ao traballo das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, a través da adaptación de postos de traballo ou con reserva en empresas con cadros de persoal de 50 ou máis persoas, e tamén coa contratación de servizos a través de centros de economía social.

Íntegro celebra o día da inclusión acompañado de cinco entidades

Un ano máis, o mes de maio é o mes no que Íntegro, a asociación de diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra, conmemora o Día da Inclusión, unha xornada festiva e reivindicativa, que avoga polos dereitos das persoas con discapacidade.

Ata a vila de Malpica de Bergantiños se desprazaron persoas usuarias de Íntegro e doutras entidades que forman parte de COGAMI: Avante de Val do Dubra, Adisbismur de Muros, Misela de Noia, Ámbar de Barbanza, ademais da entidade A Creba. Ali, tamén se lle uniu alumnado do colexio Milladoiro de Malpica para iniciar unha marcha cun percorrido trazado polas rúas desta vila mariñeira. Baixo cánticos e lemas como "non á discriminación" ou "somos capaces", realizaron un percorrido de 1 quilómetro que iniciou no centro cívico e rematou na casa do pescador. Durante esta andaina uníuselles o alcalde da localidade malpicá, acompañado por algúns dos concelleiros.

A lectura dun manifesto, elaborado conxuntamente polas entidades participantes, foi o que culminou a marcha. Neste documento pedíase un respecto polos dereitos fundamentais das persoas, como son a inclusión dende as escolas e o fomento de valores como a convivencia, a tolerancia e a socialización. Aparte de reivindicativo, o Día da Inclusión é unha xornada lúdica que rematou nun xantar para todas as persoas participantes ao que non lle faltou a música e o baile.